

## **Anexo aos criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado de Física e Química no curso 2018-19**

**Debido a un erro nos anteriores criterios, estes son os criterios que se tendrán en conta nas diferentes avaliacións**

### **Instrumentos de avaliación**

A necesidade de dispoñer dun medio de avaliación contrastable fronte a calquera eventualidade que poida xurdir fai da proba escrita un procedemento de avaliación inescusable, pero non a única.

Os instrumentos de avaliación que empregarán as profesoras para determinar a evolución do alumnado son os seguintes:

- Probas escritas: Con carácter xeral, en cada avaliación faranse dúas probas escritas, en datas previamente anunciadas e, de ser posible, pactadas co alumnado correspondente. Cada profesor poderá realizar máis ou menos probas escritas se o considera oportuno. Na segunda proba de cada avaliación terase en conta os contidos e procedementos de todo o trimestre que engloba dita avaliación. Na terceira avaliación farase un exame final, agás en 2º de bacharelato, (as recuperacións xa se farán ao longo do curso), para a recuperación das avaliacións suspensas. Estas probas teñen como referencia as competencias básicas e os criterios de avaliación curriculares
- Caderno de traballo.
- Exercicios especiais para realizar na casa e entregar.
- Participación na actividade da aula.
- Elaboración de traballos específicos con elaboración de informe e/ou exposición diante dos compañeiros

### **Procedementos de avaliación**

- As probas escritas deseñaranse con especial atención a comprobar as competencias do alumnado. O nivel de esixencia dependerá do curso ao que pertenza o alumno. En función dos contidos avaliados, as probas testarán:
  - Comunicación lingüística (CCL): Os alumnos construírán definicións de conceptos, magnitudes e unidades.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) : os alumnos realizarán cálculos coa axuda da calculadora. A complexidade adaptarase a base matemática estándar para o curso que se avalía.
  - Competencia dixital (CD): nas probas escritas os alumnos terán que interpretar gráficos.
  - Aprender a aprender (CAA): os alumnos demostrarán coñecemento en procedementos xerais, por exemplo, sendo capaces de extrapolar os resultados dun caso a outros similares ou apreciar excepcionalidades.
  - Competencias sociais e cívicas (CSC). Os alumnos deberán ser quen de aplicar os conceptos estudados a situacións problemáticas ou non da súa realidade cotián.
  - Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Os alumnos deberán ser quen de propoñer solucións a problemas reais a partir dos coñecementos aprendidos.
- Con posterioridade a proba, facilitarase a cada alumno o resultado da mesma de xeito que resulte unha avaliación formativa na que se dean orientacións acerca dos coñecementos e dos procedementos.
  - Ao longo do curso, o alumnado terá ocasión de recuperar as deficiencias detectadas. En cada caso, porase especial atención en especificar a cada alumno os aspectos concretos que debe recuperar; neste punto, e cando se trate de déficits instrumentais ou procedimentais, pode ser axeitado contar coa colaboración do Titor do curso, o Departamento de Orientación ou mesmo a colaboración dos pais ou tutores.

Ademais das probas escritas antes aludidas, serán tidas en conta na avaliación do alumnado todos cantos traballos se lles encomende, tanto os que realice na clase como fora dela. Algún destes traballos estará especialmente orientado a avaliar a competencia dixital.

Na medida en que ditos traballos podan ter un rexistro escrito, a súa cualificación farase atendendo aos mesmos requirimentos que as probas.

As participacións orais, aptitudinais ou actitudinais , serán rexistradas pola profesora na ficha rexistro individual de cada alumno.

No momento de establecer a avaliación final, a profesora debe poder xustificar a mesma en base ao rexistro de todas as actividades sinaladas.

## **Criterios de cualificación.**

Representan o traslado a puntuación numérica do establecido nos apartados sinalados mais arriba.

Os distintos elementos valoran do xeito seguinte:

- Probas escritas, ata un 80 % . Realizaranse tres avaliacións parciais, e cada unha incluírá os contidos e procedementos q se impartiron durante o correspondente trimestre de cada avaliación. Para o cálculo da nota media de cada proba escrita farase a media ponderada , e dicir, se o alumno fixo dúas probas escritas , a primeira coa cualificación dun 4 e na segunda un 7, a nota final nas probas escritas da dita avaliación será =  $(4+2.7) / 3 = 6$ . EN CADA UNHA DESTAS PROBAS SERÁ NECESARIO , COMO MÍNIMO , UN 5 PARA QUE se teñan en conta os outros elementos da avaliación
- Caderno de traballo do alumno ou alumna, ata un 20 %
- Outros traballos con ou sen rexistro en papel, ata un 20 %
- Actitude fronte a materia e o seu aprendizaxe, ata un 10 %

En cada avaliación teranse en conta os elementos que se levaran a efecto nese período e a súa valoración relativa farase na proporción especificada mais arriba ata un total do 100% entre todos os elementos. Será necesario como mínimo un 5 para aprobar cada avaliación

A cualificación será a que resulte de valorar tódolos recursos empregados en cada avaliación, ou en todo o curso (avaliación final), coa ponderación que proceda. No caso de que resulte unha puntuación fraccionaria e, revisados os criterios, se aproximará ao número enteiro máis acorde coa visión global que a profesora ten sobre o alumno ou alumna.

En tódolos casos teranse moi en conta as situacións nas que un alumno ou alumna aproveite ou non as oportunidades que se lle brindan para recuperar ou mellorar as súas cualificacións. Neste senso enmárcanse moi especialmente as situacións nas que o alumno ou alumna non fai un traballo ou exame ou o seu rendemento nos mesmos é notoriamente insatisfactorio (non hai respostas ou son excesivamente erráticas).

De calquera xeito, a profesora debe poder xustificar a puntuación numérica que outorga a cada alumno ou alumna.

Con carácter específico, os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación para a materia de Física e Química de primeiro de bacharelato, contemplarán o seguinte:

1. O alumnado debe coñecer e definir as Unidades das distintas magnitudes que se manexen na clase.
2. O alumnado debe ser quen de resolver problemas e cuestións que comprendan a aplicación de mais dun concepto contido na programación.
3. Dado que a materia consta de dúas partes ben diferenciadas, para poder superala hai que acadar un mínimo significativo (por defecto, un catro sobre dez) tanto na parte de Física como na de Química. No caso de que se obteña unha puntuación moi baixa nunha das partes, o Departamento avaliará si os coñecementos que mostra o alumno no seu conxunto son suficientes para dar por aprobada a materia.
4. Cando a puntuación numérica se obteña a partir das puntuacións obtidas en varias probas (nas que é necesario , como mínimo un 4 en cada proba, para que se poida compensar con outra nota de outra proba) , o profesor realizará a media ponderada, tendo en conta o peso que cada puntuación individual ten non conxunto. Será necesario que a media das diferentes probas en cada avaliación sexa igual ou superior a 5 para aprobar dita avaliación ( o mesmo se fará en 2º de Bacharelato)
5. Si o resultado desta media é un número non enteiro, o profesor podrá redondear , tendo en conta os diferentes elementos avaliadores